

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE MAIO DE 2019

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 22 de febreiro de 2019 coa corrección indicada respecto a que debe figurar como ausencia xustificada a da profesora D.^a Ana María Tobío Rivas.
2. A modificación das táboas de recoñecemento de materias de formación básica da Memoria do PCEO do Grao en ADE e o Grao en Dereito e reunificación das táboas no anexo II.
3. A toma en consideración da modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito.
4. O calendario académico da Facultade de Dereito para o curso 2019-2020.
5. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) A aprobación das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2019-2020.
 - b) A aprobación dos calendarios das probas parciais e finais do Grao en Dereito (incluído o Grao en Dereito do PCEO) e a distribución de aulas do curso académico 2019-2020.
 - c) A designación do tribunal do premio extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que remate os seus estudos no curso académico 2018-2019 (incluído o Grao en Dereito do PCEO) e a ratificación da correspondente acta.
 - d) A aprobación dos informes do plan de acción tutorial do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2018-2019.
 - e) Aprobación dos informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2018-2019.

Ourense, 22 de maio de 2019



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 21 de maio de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de maio de 2019.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.